

# Saudo

*Como cada ano chegadas estas datas, Cela está en festas. Non podía faltar as da Xuventude, con motivo das que publicamos este folleto, que esperamos sexa do agrado de todos.*

*As festas en Cela teñen moi antiga orixe e renombrada fama. Son un patrimonio de todos e cada un dos habitantes de Cela do que nos sentimos orgullosos. Certo é que supoñen un sacrificio para todos, nembargantes a súa falta será a perda de parte da nosa identidade cultural (por outra banda xa bastante escasa). Creemos polo tanto importante que tan vella e fermosa tradición non se perda.*

*Queremos agradecer tamén a colaboración de aquelas persoas que ben adquirindo rifas, ou a través de donativos, fan posible a celebración destes actos.*

*Especial mención queremos facer da importancia cada vez maior das aportacións de gran cantidades de firmas comerciais, a través da publicidade que expoñen nos noso carteles e folletos; vaia para elas tamén o noso especial agradecemento.*

*A Comisión de Festas da Xuventude desexalles a todos moi felices festas, esperando que estas sirvan para o deleite tanto de propios da terra, como dos forasteiros que nos queiran visitar, xa que as portas están abertas para quen queira vir.*

**A Comisión.**